



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Novas Tecnoloxías. Produtos de Apoio e Contorno Accesible		Código	653540015
Titulación	Máster Universitario en Xerontoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	González-Abraldes Iglesias, Isabel Marante Moar, María Pilar	Correo electrónico	i.gonzalez-abraldes@udc.es p.marante@udc.es	
Web	estudios.udc.es/gl/subject/4540V01/4540015/2021			
Descrición xeral	Con esta materia preténdese dar a coñecer como os novos desenvolvementos tecnolóxicos poden repercutir positivamente en colectivos como o das persoas maiores. Con este novo escenario facilítase un incremento notable de desenvolvemento de Produtos de apoio e medios que permiten a accesibilidade para os nosos maiores.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Ser capaces de recoñecer as principais patoloxías e síndromes xeriátricas mediante a aplicación de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito da xerontoloxía
A2	Ser capaces de aplicar o método de valoración xeriátrica e xerontolóxica integral a fin de poder establecer as bases para implementar o plan de atención individualizado
A3	Ser capaces de incorporar aos plans de intervención individualizada a metodoloxía de intervención Xeronto-xeriátrica
A4	Ser capaces de asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización tanto no ámbito sociosanitario como sanitario de atención ás persoas maiores a fin de incorporarse aos equipos interdisciplinares de valoración e intervención Xeronto-xeriátrica
A5	Adquirir coñecementos que lle permitan establecer o recurso Xeronto-xeriátrico adecuado de acordo ás características da persoa maior
A6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do campo da Xerontoloxía, en contextos interdisciplinares tanto públicos como privados e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia do coñecemento.
A7	Adquirir coñecementos avanzados e demostrando, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo no campo da Xerontoloxía
A8	Saber aplicar e integrar os coñecementos adquiridos, a comprensión destes, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas sociais e sociosanitarias e definidos de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais do campo da xerontoloxía
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa xerontoloxía e a xeriatria
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións? e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
C6	Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables



C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Impulsar a formación en materia de accesibilidade desde unha perspectiva preventiva e transversal.		AP3	BM1 CM6 CM8
Identificar o deseño universal como un ben social e de valor engadido para produtos e servizos.		AP5 AI2	BM4
Entender a accesibilidade como un valor positivo que achega, mellora, e orienta ás persoas maiores.		AP1 AP2	BM2 BM3
Abordar as principais intervencións para fomentar o Envellecemento Saudable en relación ás TIC		AM1	BM5 CM7
Profundar nos aspectos ambientais que inflúen, especificamente no benestar das persoas maiores, desde o deseño de contornas amigables.		AP1 AP3 AP4 AI1	

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. Capacidade, funcionamento e uso da contorna	1.1 Conceptos e definicións. 1.2 Cuantificación de beneficiarios.
TEMA 2. Deseño universal	2.1 Principios que rexen o deseño universal (Ron Mace). 2.2 Norma UNE 1700001.
TEMA 3. Produtos de apoio	3.1 Consideracións de partida. 3.2 Definicións. 3.4 Clasificación xeral ISO. 3.5 Produtos de apoio como facilitadores da autonomía persoal. Novas tendencias.
TEMA 4. Accesibilidade cognitiva: Solucións transversais	4.1 Definicións e referencias. 4.2 Abordaxes na contorna física e virtual. 4.3 Modelo para deseñar espazos accesibles.
TEMA 5. Accesibilidade física e sensorial	5.1 Definicións e referencias. 5.2 Propostas para ir máis aló da eliminación de barreiras
TEMA 6. Envellecemento saudable. Contornas saudables. Cidades amigables	6.1 Achegamento á terminoloxía e ás estratexias para levar a cabo un envellecemento saudable. 6.2 Programa da OMS para contornas adaptadas ás persoas maiores. 6.3 Rede de Cidades Amigables coas Persoas Maiores, que ofrecen e que facer para formar parte.
TEMA 7: Aplicación das novas tecnoloxías á saúde e benestar dos maiores	7.1 Percepcións e actitudes dos maiores xerais cara ás TIC. 7.2 A persoa maior como axente activo da tecnoloxía. 7.3 Participación nas redes sociais. 7.4 Iniciativas utilizando as TIC en favor das persoas maiores, coidado e vida independente no fogar.
TEMA 8: Como impulsar a innovación das TIC aplicadas á saúde e o benestar dos maiores	8.1 Experiencias en I+D+i en TIC

Planificación
---------------



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A4 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C7 C8	1	20	21
Proba de resposta múltiple	A1 A2 A5 A4 A6 A7 B1 B2 B3 B4	1	8	9
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A4 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C6	16	16	32
Recensión bibliográfica	A1 A2 A5 A4 A6 A7 B1 B2 B3 B4 B5	1	10	11
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	De revisión bibliográfica
Proba de resposta múltiple	Exame tipo test composto por corenta preguntas con catro respostas cada unha das cales unicamente unha será correcta. As preguntas mal contestadas restarán 0,33 puntos sobre as correctas, non restando as non contestadas. Para superar o exame o alumno deberá obter unha puntuación final do 65% do total unha vez restados os puntos das falladas. Ej; 30 ben, 4 mal e 6 non contestadas. A puntuación final será $30 - 4 \cdot 0,33 = 28,68 = 6,5$
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e participación en clase
Recensión bibliográfica	Análise crítica artigos científicos

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Daranse pautas e orientacións ao alumno para a realización dos traballos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	A1 A2 A5 A4 A6 A7 B1 B2 B3 B4 B5	Análises críticas de artigos científicos	20
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A4 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B5 C7 C8	Traballos de revisión bibliográfica	20
Proba de resposta múltiple	A1 A2 A5 A4 A6 A7 B1 B2 B3 B4	Exame tipo test composto de 40 preguntas	55
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A4 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C6	Valorarase a asistencia e participación en clase	5

Observacións avaliación



TRABALLOS TUTELADOS: Caso de detectar fraude, copia ou praxio na redacción do traballo da disciplina, cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para iso, procederase a modifica-la súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Berta Liliana Brusilovsky Filer (2014). Modelo para diseñar espacios accesibles. Espectro cognitivo. . Colección Democratizando la Accesibilidad Vol.1. La Ciudad Accesible.</li><li>- Muñoz, Raquel (2018). Inclusión digital y envejecimiento activo: la participación de los mayores en las redes sociales Digital inclusion and active aging: the participation of the elderly in social networks. Aula Abierta</li><li>- Jesús Hernández Galán (2007). Ciudades globales amigables con los mayores : una guía. Biblioteca de la OMS</li><li>- Margarita Sebastián Herranz; Isabel Valle Gallego; Ángela Vígara Cerrato. (2011). Guía de orientación en la práctica profesional de la valoración reglamentaria de la situación de dependencia: Productos de Apoyo para la Autonomía Personal. CEAPAT-IMSERSO</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Valoración en Xerontoloxía/653540002  
Intervención en Xerontoloxía/653540003  
Xerontoloxía Clínica I/653540005

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

